

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO

27 DE MAIO DE 2024

No Salón de Actos do Auditorio Municipal (*por mor das obras de rehabilitación que se levan a cabo na Casa Consistorial de Ribeira*), sendo as vinte horas do **luns 27 de maio de 2024** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D. Luis Antonio Pérez Barral o 21-05-2024) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario.

A celebración do pleno adopta a modalidade de **“presencial”** según Decreto de Alcaldía de data 21 de maio de 2024.

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Eladio Muñiz Muñiz
10.-Rubén Lijó Santos
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez, <i>asiste telemáticamente</i>
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furonos Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo Sr. **Secretario** deste Concello, D. Juan Manuel Salguero del Valle, que dá fe do acto, e polo Sr. **Interventor** do mesmo, D. Pablo Bao Castro.

ORDE DO DÍA

Acta Pleno Ordinario 27 de maio de 2024

1



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014DFFB00X5Q7T4S9H7Y9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 31/07/2024
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 31/07/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 31/07/2024 12:33:36

DOCUMENTO: 20241368059
Fecha: 31/07/2024
Hora: 12:33

CSV: 07E80014DFFB00X5Q7T4S9H7Y9



PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 13 DE MAIO DE 2024 (Sorteo Mesas Eleitorais Parlamento Europeo 2024).

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno extraordinario celebrado o 13 de maio de 2024.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión extraordinaria do día **13 de maio de 2024.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo m. BNG.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 13 de maio de 2024.**

2.-MODIFICACIÓN DO “CONTRATO DE XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA”

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data do seguinte tenor literal:

PROPOSTA AO PLENO

Vista a tramitación efectuada para a modificación do “CONTRATO DE XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA”.

Visto o Informe emitido pola responsable do contrato a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, sobre a modificación do contrato de data 14/05/2024.

Visto o informe emitido pola T.A.X. María Teresa Cid Poza, e conformado polo Secretario Xeral do Concello, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 14/05/2024.

Polo exposto, proponse ao Pleno da Corporación como órgano de contratación (art. 191.4 e Disp. Adic. 2.ª LCSP, e arts. 95 e 97.4 RGLCAP, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. *Iniciar o expediente de modificación do “CONTRATO DE XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA”: para que, atendendo ás novas especificacións técnicas, se recollan as instalacións que son obxecto do mesmo no momento actual, segundo o informe emitido pola enxeñeira municipal ao efecto en data 14/05/2024.*

SEGUNDO. *- Dar audiencia ao contratista por prazo de 3 días, con traslado dos informes emitidos no expediente de modificación.*



TERCEIRO. Formuladas as alegacións, emitir certificado de secretaría das alegacións presentadas, e dar traslado aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe.

CUARTO.- Tras o informe técnico, previo á resolución, remítase a Secretaría e Intervención para a emisión dos informes preceptivos.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PPB, 1 PS DE G-PSOE, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinteun membros que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024, sobre **MODIFICACIÓN DO “CONTRATO DE XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA**, e, en consecuencia aproba:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente de modificación do “CONTRATO DE XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA”: para que, atendendo ás novas especificacións técnicas, se recollan as instalacións que son obxecto do mesmo no momento actual, segundo o informe emitido pola enxeñeira municipal ao efecto en data 14/05/2024.

SEGUNDO.- Dar audiencia ao contratista por prazo de 3 días, con traslado dos informes emitidos no expediente de modificación.

TERCEIRO. Formuladas as alegacións, emitir certificado de secretaría das alegacións presentadas, e dar traslado aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe.

CUARTO.- Tras o informe técnico, previo á resolución, remítase a Secretaría e Intervención para a emisión dos informes preceptivos.

3.-APROBACIÓN INICIAL DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2024.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de maio de 2024 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data do seguinte tenor literal:



“Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:

1º.- “Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2024, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
133.63900	Arranxo deficiencias aparcamento Centenario (1ª fase)	79.000,00
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de tesourería para gastos xeráís	79.000,00

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de maio de 2024, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PPB, 1 PS DE G-PSOE)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 10 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de maio de 2024, sobre **APROBACIÓN INICIAL DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2024**, e, en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.- “Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2024, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
133.63900	Arranxo deficiencias aparcamento Centenario (1ª fase)	79.000,00
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de tesourería para gastos xeráís	79.000,00



SEGUNDO:- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

4.-PROPOSICIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GM DO BNG (Dna. M^a Cruz Rivadulla Márquez), PBBI (D.Vicente Mariño de Bricio) e Ps de G-PSOE (D. Francisco Suárez-Puerta Colomer) SOBRE A NECESIDADE DE DOTAR DE PERSOAL MÉDICO SUFICIENTE Ó CENTRO DE SAÚDE DE RIBEIRA.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 20 de maio de 2024 sobre a base dunha proposición conxunta presentada polos GM do BNG (Dna. María Cruz Rivadulla Márquez), PBBI (D. Vicente Mariño de Bricio) e Ps de G-Psoe (D. Francisco Suárez-Puerta Colomer) seguinte tenor literal:

Exposición de Motivos

Novamente atopámonos con outro problema sanitario derivado da xestión levada a cabo pola Xerencia do EOXI de Santiago/Barbanza.

Ante a falta de profesionais médicos que vén padecendo durante anos, derivado da deterioración das súas condicións laborais, de axendas interminables e xornadas infinitas, padecemos un defecto crónico na Atención Primaria de Ribeira, tanto no caso do centro urbano como nos centros sanitarios das parroquias, de modo que as citas veñen demorándose progresivamente ata límites máis aló do aceptable.

No caso do Centro de Saúde de Ribeira, dun persoal asignado de 8+1 de mañá e 3+1 de tarde, en ocasións apenas se poden contar catro de mañá e un de tarde.

Dada a falta de profesionais e o dilatado das axendas, a probabilidade de que as prazas de traslado dean cobertura ás necesidades asistenciais da poboación de Ribeira son escasas, posto que os profesionais que puidesen estar interesados desisten ao coñecer as características da praza para ocupar.

Isto, á parte de xerar o malestar entre pacientes e tamén entre profesionais, aumenta a indisponibilidade de persoal, que se ve incrementado por baixas laborais por síndrome de tipo “burn-out” e outro problemas psicosomáticos que diminúen a capacidade asistencial desta Unidade.

Somos conscientes de que a falta de mantemento deteriorou o edificio no que actualmente se aloxa o Centro de Saúde e o PAC (que, por certo, nin sequera está dotado dunha sala de radioloxía básica, mentres que clínicas privadas dun oitavo do seu tamaño si que dispoñen dela/dela), polo que non é de estrañar que se busque a construción dun edificio novo no que aloxar non sabemos exactamente que, posto que o edificio sen dotación de persoal non é capaz en por si de atender pacientes.

A falta de persoal sanitario xa foi obxecto de discusión noutras sesións plenarias e tamén noutras institucións como o Parlamento Galego sen que polo momento a Xunta de Galicia actúe para cubrir esta demanda que lle fai a poboación de Ribeira.

Dende aquí queremos mostrar o noso apoio ás demandas do persoal sanitario e tamén ás demandas da cidadanía que se mobiliza para defender a Sanidade pública e reclamar o dereito básico e esencial a ter unha atención presencial digna e de calidade.

Por todo o anteriormente exposto, os grupos municipais do BNG, PBBI e PSOE instan ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:



FIRMANTE - FECHA



1. *O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta a declarar o Centro de Saúde de Ribeira como posto de difícil cobertura coa aplicación dos baremos de puntuación en función do tempo traballado que iso reporta.*
2. *O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galicia a cubrir as prazas vacantes ata completar persoal por medio de traslados, OPE ou contratos ata que se adecúen ao persoal necesario para atender de maneira adecuada á poboación.*
3. *O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galicia a adecuar a xornada laboral e as axendas médicas ás recomendacións das organizacións médicas, con tempo suficiente para a atención aos pacientes de maneira adecuada ás súas necesidades e non a cubrir de números baleiros de contido que presentar á prensa.*
4. *O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galicia a estudar, no caso de ser necesario, aplicar incentivos para a consecución do persoal necesario para o mantemento do Servizo Asistencial.*
5. *O Goberno Municipal de Ribeira mostra a súa disposición a colaborar coa Xunta de Galicia para que Ribeira teña un novo centro de saúde que responda ás necesidades do servizo, non obstante, solicitamos que se teña como prioridade a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo as tarefas asistenciais*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 20 de maio de 2024, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 PS DE G-PSOE)
-VOTOS EN CONTRA: 0
-ABSTENCIÓNS: 10 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 20 de maio de 2024, sobre **PROPOSICIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GM DO BNG (Dna. M^a Cruz Rivadulla Márquez), PBBI (D.Vicente Mariño de Bricio) e Ps de G-PSOE (D. Francisco Suárez-Puerta Colomer) SOBRE A NECESIDADE DE DOTAR DE PERSOAL MÉDICO SUFICIENTE Ó CENTRO DE SAÚDE DE RIBEIRA**, e, en consecuencia aproba:

PRIMEIRO:-*O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta a declarar o Centro de Saúde de Ribeira como posto de difícil cobertura coa aplicación dos baremos de puntuación en función do tempo traballado que iso reporta.*

SEGUNDO:-*O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galicia a cubrir as prazas vacantes ata completar persoal por medio de traslados, OPE ou contratos ata que se adecúen ao persoal necesario para atender de maneira adecuada á poboación.*

TERCEIRO:-*O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galicia a adecuar a xornada laboral e as axendas médicas ás recomendacións das organizacións médicas, con tempo suficiente para a atención aos pacientes de maneira adecuada ás súas necesidades e non a cubrir de números baleiros de contido que presentar á prensa.*

CUARTO:-*O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galicia a estudar, no caso de*



ser necesario, aplicar incentivos para a consecución do persoal necesario para o mantemento do Servizo Asistencial.

QUINTO:-O Goberno Municipal de Ribeira mostra a súa disposición a colaborar coa Xunta de Galicia para que Ribeira teña un novo centro de saúde que responda ás necesidades do servizo, non obstante, solicitamos que se teña como prioridade a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo as tarefas asistenciais

5.-PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DNA. ANA ISABEL BARREIRO REGO SOBRE XESTIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS TEXTILES NO CONCELLO DE RIBEIRA.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024 sobre a base dunha proposición presentada polo **GM** do **PP** e no seu nome por **Dna. Ana Isabel Barreiro Rego**, e que é seguinte tenor literal:

“Ana Isabel Barreiro Rego, con D.N.I. 52459627P, como concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular de Ribeira, presenta ao abeiro do que figura no regulamento do Concello de Ribeira a seguinte proposición non de lei para debate no próximo pleno do 27 de maio 2024. Sobre Xestión e Tratamento de Residuos téxtiles no Concello de Ribeira.

O pasado mes de marzo levamos a pleno unha iniciativa na que solicitaba ao Concello de Ribeira que comezase a aplicar a normativa que a disposición adicional 4ª de la Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos del sector público poñía a disposición dos concellos. Trataba de aplicar a figura dos contratos reservados na que se obriga ás Administracións públicas a reservar ao menos unha porcentaxe do importe global de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Empleo de iniciativa social e a empresas de inserción.

A iniciativa levada polo grupo popular resultou aprobada por unanimidade de todos os grupos da corporación. En liña co todo isto, vai a iniciativa que imos presentar para este pleno do mes de maio e que ten un marcado carácter social e medioambiental.

Ademais disto, o Goberno Central impulsou o proxecto de Lei de Residuos e solos contaminados para unha economía circular, que foi recentemente aprobado no Congreso dos Deputados en abril do 2022, (A disposición adicional 19ª da Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular, obriga as Administracións públicas a adxudicar ao menos o 50% del importe do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos téxtiles a través de contratos reservados). Nesta lei tamén se dispón que os residuos téxtiles son responsabilidade das entidades locais (Concello, mancomunidades...) e polo tanto os concellos deberán establecer unha recollida separada de, entre outras fraccións, os residuos téxtiles antes do 31 de decembro 2024. Esta lei tamén establece a destrución ou eliminación de residuos mediante o depósito en vertedoiros de excedentes non vendidos de produtos non perecedoiros como os téxtiles.

Cómpre lembrar, que na súa tramitación un grupo de asociacións galegas de empresas deste sector presentaron unha emenda de adición na que propoñen engadir un novo artigo ou disposición adicional que estableza de maneira preceptiva a obrigación das administracións públicas de adxudicar a xestión dos residuos téxtiles a través de contratos reservados para empresas de inserción e centros especiais de emprego, de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

De feito, en 2021 recolléronse de xeito selectivo 897.091 toneladas de residuos téxtiles, dos que o 64% foi a cargo de empresas e entidades de economía social, un 6,3 % mais ca no ano 2019. Polo que o propósito é salvagardar da competencia agresiva a un sector digno de protección, preservar de xeito xusto os principios de concorrencia e competencia e seguir proporcionando a toda a sociedade o valor social e ambiental engadido.

As empresas de inserción e os centros especiais de emprego de iniciativa social non só xeran un beneficio ambiental importante, especialmente na redución de emisións, senón tamén beneficios sociais como a xeración de emprego e a inserción laboral.

Consideramos que se deben dar pasos neste sentido, xa que o téxtil é un sector de grande importancia en España e, particularmente, en Galicia pero que ademais tamén é un importante xerador de residuos cun gran potencial para ser incorporados de novo ao ciclo produtivo.



Ademais, cómpre lembrar que a directiva europea establece que a máis tardar en xaneiro de 2025 os concellos deberán establecer a recollida separada de residuos téxtiles e residuos perigosos de orixe doméstica. É que é necesario adoptar medidas para previr a xeración de residuos téxtiles, fomentando a reutilización dos produtos e a implantación de sistemas que promovan actividades de reparación e reutilización. De feito o 57% por cento da roupa é para a reutilización, 36 % reciclaxe e 7% rexeitamento.

Por todo o dito, o Grupo Municipal do Partido popular de Ribeira presenta a seguinte proposición:

“Instar ao Concello de Ribeira a cumprir ca Lei de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular, na que se amosa a proposta presentada polas ONGs e incorpore a modificación normativa que sexa preceptiva para obrigar ás administracións públicas a adxudicar a xestión dos residuos téxtiles a través de contratos reservados para Empresas de Inserción e Centros Especiais de Emprego de iniciativa social, de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público e cumprindo a lei A disposición adicional 19ª da Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular, que obriga ás Administracións públicas a adxudicar ao menos o 50% del importe do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos téxtiles a través de contratos reservados e a Iniciativa que sobre contratos reservados presentamos antes este pleno o pasado mes de marzo”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorporáse á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 10 PP

-VOTOS EN CONTRA: 11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 PS DE G-PSOE)

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **non aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024, sobre **PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DNA. ANA ISABEL BARREIRO REGO SOBRE XESTIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS TEXTILES NO CONCELLO DE RIBEIRA.**

6.-PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DNA. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ SOBRE VERTEDOIROS INCONTROLADOS.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024 sobre a base dunha proposición presentada polo **GM** do **PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández, e que é seguinte tenor literal:

“María J. Sampedro Fernández, con DNI 53484719-J, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, de conformidade co disposto no artigo 116.1.c do Regulamento Orgánico Municipal, a seguinte PROPOSICIÓN.



Dende o Grupo Municipal Popular vimos albiscando nos últimos meses a proliferación de vertedoiros incontrolados no noso concello. Isto supón un grave problema ambiental e de saúde pública, así como unha deixadez e unha degradación na imaxe da nosa cidade.

O pasado mes de marzo denunciámos o depósito de residuos por parte do goberno municipal convertendo en vertedoiro unha finca situada en Deán Grande e que se atopa alugada co fin de adicala a aparcadoiro veciñal. A día de hoxe a metade do solar segue inutilizado e cheo que residuos sen recoller causando un malestar entre os veciños.

É obriga do goberno municipal, do mesmo xeito que o é para calquera empresa ou particular, contar cun xestor autorizado á hora de desfacerse de restos de escombros de obras ou materiais e utensilios que sexan retirados de calquera espazo por atoparse en desuso ou en malas condicións.

Paseando polo noso municipio é fácil, como adiantábase, atopar resto de obras, plásticos, botes de pintura, etc e son ben coñecidos algúns puntos "negros" como pode ser a zona de Couso, onde recentemente paseando atopábase unha boa cantidade dos elementos anteriormente referenciados.

Bordeando a parroquia de Aguiño tamén se pode observar como nos arredores da zona coñecida como Demarsa se atopa unha montaña de escombros. Ademais de un risco contaminante para o entorno, estamos a falar dunha zona cun alto valor paisaxístico na que debemos, coma no resto, preservar a súa limpeza e evitar o impacto visual tremendamente negativo que transmite dita imaxe.

Debera ser unha obriga legal pero tamén moral a de facer unha boa xestión dos residuos urbanos que se teñen que desbotar pero de seguro que a imposición de sancións ou o incremento da vixilancia axudarían a unha mellora da situación actual, especialmente nos coñecidos como puntos reiterativos desta problemática.

Mais é importante que sexa a administración local, a que sempre dicimos é a máis cercana ao cidadán, a que debe ser exemplo de bo facer. E neste caso, debe comezar o goberno municipal por facer un bo uso de todos os residuos que deben reciclarse de xeito especial polas características e mesmo a perigosidade que supoñen certos materiais. Non pode ser imaxe de un concello serio e comprometido co medio ambiente a de vehículos municipais vertendo escombros en recintos municipais e deixándoos en desuso ou mesmo abandonando, como se poido ver recentemente, todo tipo de elementos impropios en solares de uso comunal.

Dende o grupo municipal popular confiamos nunha Ribeira que camiñe cara unha mentalidade máis verde e máis sostible, afondando na concienciación e na prevención pero tamén na vixilancia e no castigo a quen non cumpre.

É importante que ese exemplo parta dende a propia casa de todos na que non só se debe presumir do haber senón, especialmente, do facer.

Por todo isto solicitamos:

- 1.- O control rigoroso por parte do executivo local de manter unha reciclaxe correcta cos residuos xerados pola propia administración nas labores diarias.*
- 2.- A retirada de todos os vertedoiros incontrolados identificados á maior brevidade, xa que supoñen un perigo medioambiental así coma unha degradación da imaxe paisaxística e ambiental do noso concello.*
- 3.- A posta en marcha dun Plan de prevención e sensibilización que conte cunha intensificación da vixilancia nos puntos reiterativos de vertidos incontrolados co obxectivo de identificar aos infractores e aplicar as sancións sinaladas na normativa reguladora, así como a posta en marcha dun plan de prevención e sensibilización que axude a erradicar en orixe esta problemática".*



Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5 BNG, 5 PPBI, 1 PS DE G-PSOE, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinteun membros que de dereito o integran **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar social e Medio Ambiente de data 20 de maio de 2024, sobre **PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DNA. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ SOBRE VERTEDOIROS INCONTROLADOS**, e, en consecuencia aproba:

PRIMEIRO:- O control rigoroso por parte do executivo local de manter unha reciclaxe correcta cos residuos xerados pola propia administración nas labores diarias.

SEGUNDO:- A retirada de todos os vertedoiros incontrolados identificados á maior brevidade, xa que supoñen un perigo medioambiental así como unha degradación da imaxe paisaxística e ambiental do noso concello.

TERCEIRO:- A posta en marcha dun Plan de prevención e sensibilización que conte cunha intensificación da vixilancia nos puntos reiterativos de vertidos incontrolados co obxectivo de identificar aos infractores e aplicar as sancións sinaladas na normativa reguladora, así como a posta en marcha dun plan de prevención e sensibilización que axude a erradicar en orixe esta problemática”.

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

7.- DAR CONTA DO INFORME SOBRE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DE 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024.

7.1.Dase conta ao Pleno da Corporación dun informe de Tesouraría (**MOROSIDADE**) de data 22 de abril de 2024 e que é do seguinte tenor literal:

INFORME TESOURARÍA

Estado de tramitación das facturas recibidas no PRIMEIRO TRIMESTRE 2024.

(Lei 15/2010, de 15 de xullo de medidas de loita contra a morosidade)

É obxecto deste informe cumprir o disposto no artigo 4 da Lei 15/2010 apartado terceiro que di:



FIRMANTE - FECHA



“Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo”

Igualmente o artigo 5.1 c) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece coma función da Tesouraría municipal:

“La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.”

Por todo o anterior emítese o seguinte informe en base a seguinte

I. NORMATIVA APLICABLE

-Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

-Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro

-Real Decreto-Lei 4/2013 de 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro

-Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

-RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto refundido da Lei de facendas locais

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público

-Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

-Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

-Orde Ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce unha disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Prazo de pago a provedores.

As referencias nesta lei ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores entenderanse feitas ao prazo que en cada momento estableza a mencionada normativa vixente e que, no momento de entrada en vigor desta Lei, é de trinta días.”

Do mesmo xeito, o artigo 198.4 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, establece as seguintes obrigas da Administración:

- Terá obrigación de abonar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados.



- Deberá aprobar as certificacións de obra ou documentos que acrediten a conformidade dentro dos 30 días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación de servizos.

Todo iso sempre xunto ás previsións do 198.4 LCSP no que se establece que se a

Administración recibe a factura con posterioridade á data de recepción da obra ou prestación do servizo, o prazo de 30 días de pago comeza a contar desde a correspondente presentación da factura.

Respecto a que operacións débense incluír no cálculo, a Lei 3/2004, establece no seu artigo 3, apartado 1, o seguinte:

“Esta Lei será de aplicación a todos os pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas, ou entre empresas e a Administración (...)”

O cal implica:

- 1º. Afecta principalmente os capítulos II e VI das entidades de orzamento limitativo coma é a do concello, e con menor relevancia aos capítulos I (en particular e a modo de exemplo, en caso de revestir ou cumprir as condicións para ser considerada como unha operación comercial: artigo 16, respecto de a asistencia médico-farmacéutica e/o similares), IV e VII.
- 2º. Quedan fóra do ámbito da Lei as operacións que non estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria.
- 3º. O destinatario ten que ser unha empresa, ou entidade que actúa como tal, quedando, por tanto, excluídas as que se producen entre distintas entidades do sector público.
- 4º. Por tanto, no ámbito local, corresponderanse con:
 - gastos correntes en bens e servizos
 - investimentos

Respecto aos datos a incluír no informe, a execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de XANEIRO de 2024 e o 31 de MARZO de 2024 obtense a seguinte información, desagregada segundo o disposto no artigo 16.6 da Orde Ministerial HAP/2105/2012:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre:

Pagos Realizados en el Periodo	Periodo medio pago (PMP)(días)	Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios					
20- Arrendamientos y Canones	25,97	37	56.204,46 €	29	27.556,03 €
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	23,50	77	293.559,36 €	5	4.081,85 €
22- Material, Suministro y Otros	20,48	595	1.681.483,21 €	78	160.786,80 €
23- Indemnización por razón del servicio	24,79	14	2.933,81 €	8	567,43 €



24- Gasto de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	14,33	18	650.369,63 €	7	374.021,08 €
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	19,90	36	45.819,89 €	3	3.805,62 €
Pagos Realizados Pendientes de aplicar a Presupuesto	11	1	120.670,00 €	0	0
TOTAL pagos realizados en el trimestre	18,70	778	2.851.040,36 €	130	570.818,81 €

b) Xuros de demora

Xuros de mora pagados no trimestre	Xuros pagados no período	
	Número de pagos	Importe total xuros
Gastos Correntes en Bens e Serviciós reais Outros Pagos realizados por operacións comerciais Sen desagregar	0	0,00 €

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre

Facturas o Documentos xustificativos Pendentes de Pago ao Final do Período	Ratio Operacións Pendentes de Pago (PMPP) (días)	Dentro Período Legal Pago ao Final do Período		Fora Período Legal Pago ao Final do Período	
		Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Serviciós					
20- Arrendamentos e Canones	26,83	15	15.696,53 €	5	5.477,69 €
21- Reparación, Mantemento e conservación	18,84	89	324.614,65 €	16	21.220,89 €
22- Material, Subministro e Outros	28,57	180	954.264,63 €	60	30.420,50 €
23- Indemnización por razón do servizo	14,83	9	858,73 €	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	26,19	10	209.131,71 €	7	281.877,16 €
Outros Pagos pendentes por operacións comerciais	43,64	20	16.417,49 €	3	45.266,49 €
Pagos Pendentes de aplicar a Presupuesto	821	0	0,00 €	1	249,38 €
TOTAL operacións pendentes de pago a final del trimestre	26,75	323	1.520.983,74 €	92	384.512,21 €

Polo que se refíre a remisión de información o artigo 4.4 da Lei 15/2010, establece: "4. Sen perxuício da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo a seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos devanditos informes. "



A remisión da devandita información realizarase con carácter trimestral pola Intervención municipal de conformidade co artigo 16.6 da Orde HAP 21/05/2012.

CONCLUSIÓNS

Atendendo as consideracións expostas o cumprimento do período legal de pago establecido pola normativa de morosidade correspondente ao concello de Ribeira do período de referencia é conforme á normativa exposta polo que se refire as operacións pagadas ao situarse o mesmo en 18,70 días e as operacións pendentes de pago ao final do trimestre, xa que logo correspóndese con 26,75.

O Pleno queda enterado

7.2.Dase conta ao Pleno da Corporación dun informe de Tesouraría (**PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES**) de data 22 de abril de 2024 e que é do seguinte tenor literal:

INFORME DE TESOURARÍA

RELATIVO Á AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES

PERÍODO: PRIMEIRO TRIMESTRE 2024

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Obxecto e natureza do informe

O presente informe ten por obxecto a avaliación do cumprimento do período medio de pago a provedores (en diante PMP) do Concello de Ribeira relativo ao período de referencia.

O artigo 5.1 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, atribúe á Tesourería Municipal a función reservada de elaboración e acreditación do PMP da entidade local.

SEGUNDO: Normativa de aplicación

- Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo RD 1040/2017.*
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).*
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL).*

INFORME

PRIMEIRO: Concepto de Período Medio de Pago



FIRMANTE - FECHA



A LOEPSF incorpora como un dos seus obxectivos a sustentabilidade financeira das Administracións Públicas, definíndoa no seu artigo 4 como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites do déficit, débeda e morosidade da débeda comercial.

Doutro lado, enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o PMP non supera o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

Así, DÁA 5ª LOEPSF dispón que: “As referencias nesta lei ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores entenderanse feitas ao prazo que en cada momento estableza a mencionada normativa vixente e que no momento de entrada en vigor desta lei é de trinta días”.

A instrumentación do principio de sustentabilidade respecto da débeda comercial obriga ás Administracións Públicas a publicar o seu PMP e dispoñer dun plan de tesourería que garanta o cumprimento dos prazos máximos fixados pola normativa de morosidade.

O período medio de pago vén definido no Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, modificado polo RD 1040/2017, como a magnitude que mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO: Ámbito obxectivo de aplicación.

De conformidade co artigo 3.1 do Real Decreto 635/2014, para calcular o período medio de pago a provedores, deberánse ter en conta:

1. As facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente.
2. As certificacións mensuais de obra aprobadas a partir do 1 de xaneiro de 2014.

De conformidade co artigo 3.2 do Real Decreto 635/2014, quedarán excluídas do cálculo do período medio de pago a provedores:

- a. As obrigacións de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional.
- b. As obrigacións pagas con cargo ao Fondo para o financiamento dos pagos a provedores.
- c. As propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

TERCEIRO. Ámbito subxectivo de aplicación.

O período medio de pago da Entidade Local será un indicador global que reflecta o tempo que tardan todas as súas entidades incluídas no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril (Concello, entidades públicas empresariais, sociedades mercantis e demais entes de dereito público dependentes das administracións públicas conceptuados como sector Administracións Públicas) en facer os seus pagos, reflectindo igualmente o seu pendente de pago acumulado.

Desta forma, o período medio de pago global estará composto dos períodos medios de pago do Concello e de cada unha das súas entidades dependentes.

Á súa vez, o período medio de pago do Concello e o das súas entidades dependentes será o resultado de ponderar a cociente de operacións pagas e a cociente de operacións pendentes de pago.

Tendo en conta que o concello de Ribeira non ten entidades dependentes, o período medio global de pago do Concello coincidirá co Período medio de pago da entidade.

CUARTO. Cálculo do Período Medio De Pago da entidade.

A) O artigo 5 do RD 635/2014 queda modificado co RD 1040/2017, fixándose o cálculo do período medio de pago para cada entidade como:

$$\text{Período medio de pago} = (\text{ratio operacións pagas} \times \text{importe pagos realizados} + \text{ratio operacións pagas pendentes} \times \text{importe pagos pendentes}) / (\text{importe total pagos} + \text{importe total pagos pendentes})$$



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241368059
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 31/07/2024 LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 31/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 31/07/2024 12:33:36		Fecha: 31/07/2024 Hora: 12:33



Configurándose así o «período medio de pago» do Concello e os seus entes dependentes como o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagos, sumándolle o efecto dos atrasos no pago da débeda comercial:

O propio artigo desagrega o cálculo de cada un dos diferentes conceptos como segue:

B) O «ratio de operacións pagas», tal e como se indica no artigo 5.2 do Real Decreto 635/2014, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagos:

$$\text{Ratio de operacións pagas} = \frac{\sum(\text{n}^\circ \text{ días de pago} \times \text{importe operación paga})}{\text{Importe total pagos realizados}}$$

Serán «número de días de pago» os días naturais ata o pago material, transcorridos desde:

1. A data de aprobación das certificacións de obra.
2. A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados.
3. A data de entrada da factura no rexistro administrativo.

A este respecto considérase que o criterio de data de entrada en factura é un criterio residual, só aplicable, como se establece no artigo 5.2.c) nos supostos en que non sexa de aplicación procedemento de aceptación ou comprobación de bens ou servizos ou nos supostos de recepción da factura con posterioridade á aprobación polo que o período de 30 días fixados para o pago sería o comprendido entre a data de aprobación da factura ou certificación de obra ata a data de pago material, como se expresou con anterioridade.

C) O «ratio de operacións pendentes de pago», tal e como se indica no artigo 5.3 do Real Decreto 635/2014, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pago a final do mes ou trimestre:

$$\text{Cociente de operacións pendentes de pago} = \frac{\sum(\text{n}^\circ \text{ días pendentes de pago} \times \text{importe operación pendente de pago})}{\text{Importe total pagos pendentes}}$$

Serán «número de días pendentes de pago» aos días naturais transcorridos desde os trinta posteriores á data de aprobación da factura ou certificación de obra segundo corresponda, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.

Con data 19 de xaneiro de 2021 a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local en contestación a unha consulta exposta o 31 de decembro de 2020, relativa ao establecemento de “criterios homoxéneos en relación co período medio de pago das corporacións locais” sinala como días a quo sería o seguinte:

1. Certificacións mensuais de obra: recoñecemento da obriga.
2. Operacións comerciais nas que existe un procedemento de aprobación ou comprobación dos bens entregados ou servizos prestados: desde a data de aprobación destes documentos (informes de conformidade, acta de recepción etc.)/ etc.) que non ten por que coincidir co acto administrativo ou contable do recoñecemento da obriga.
3. Operacións comerciais nas que non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens entregados e dos servizos prestados: desde o rexistro da factura e nos casos nos que non haxa obrigación de dispoñer dun rexistro contable, desde a data de entrada no rexistro administrativo.

QUINTO.- Período Medio de Pago a provedores do PRIMEIRO trimestre do ano 2024:

Entidade	Ratio Operacións Pagadas (días)	Importe Pagos Realizados (euros)	Ratio Operacións Pendentes (días)	Importe Pagos Pendentes (euros)	PMP (días)	Observacións
Concello de Ribeira	18,70	3.421.859,17 €	26,75	1.905.495,95 €	21,58	CUMPRE

SEXTO.- Remisión e publicación dos datos.



De conformidade co artigo 16 da Orde 2105/2012, a Intervención Municipal deberá remitir ao Ministerio de Facenda, a través da plataforma habilitada para o efecto, os datos relativos ao PMP, os cales adicionalmente deberán ser publicados nos termos esixidos polo artigo 13.6 LOEPSF.

CONCLUSIONES

De conformidade coa información extraída do aplicativo informático que da soporte á contabilidade municipal e atendendo ás consideracións expostas e cálculos detallados, o PMP do PRIMEIRO trimestre do exercicio 2024 é de 21,58, situándose dentro do período máximo de 30 días.

O Pleno queda enterado

8.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA (ART. 42 DO ROF).

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a celebración do derradeiro pleno ordinario (29 de abril de 2024)

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

9.- MOCIÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do disposto nos artigos 82, 83 e 91.4º do R.O.F., e no artigo 109.5 do R.O.M., o Sr. Alcalde-Presidente, preguntas ós/ás sres/as voceiros/as de teñen algunha moción urxente que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas, non presentándose ningunha

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

10.1. Polo **Grupo Municipal do PP** dase conta dos seguintes **ROGOS** presentados previamente por escrito en tempo e forma:

-Rogo presentado por **D. Alejandro Vidal Álvarez** (rex de entrada nº 13113 de data 24 de maio de 2024) do seguinte tenor literal:

“Alejandro Vidal Álvarez, con DNI 52931435-V, en calidade de Concelleiro do Grupo Municipal do partido Popular en Ribeira,

EXPOÑO:

Dende o grupo municipal do Partido sabemos que os invernos no noso municipio son duros climatolixicamente, con fortes choivas e fortes ventos; o que leva que moitas veces os accesos as nosas praias se vexan afectados por estas inclemencias meteorolóxicas, deixando grandes desniveis e incluso sacando a vista rochas que dificultan o acceso a ditas praias.



Como no caso que traemos a continuación, adjuntamos imaxes do acceso a praia dos mosqueiros; que xa esta grupo e coñecedor de anos atrás que o acceso queda un pouco perigoso despois do paso do inverno, que arrastra a area e deixa un gran desnivel entre a rampa e a area da praia, e incluso sacando a vista como antes mencionamos rochas.

Este grupo cando estaba no goberno todos os anos antes do comezo da época estival, facía unha revisión de ditos accesos e o seu arranxo.

Polo que rogamos:

- *O arranxo do acceso a praia dos mosqueiros, xa que e o principal acceso a praia dos pais cos seus cativos/as.*
- *Revisión do acceso do resto dos arenais do noso municipio, e no caso de ser necesario o seu arranxo.*





O Sr. Vidal Peón, concelleiro delegado delegado de Infraestruturas e Obras, Deportes, Transparencia e Participación Veciñal (GM do BNG) resposta nos termos seguintes:

Boa tarde, grazas Sr. Alcalde. Sí, tanto o acceso aos Mosqueiros como os outros accesos que haia as praias, que estén así, pois, que falten taboas ou así, vamos a proceder ao seu arranxo.

-Rogo presentado por Dna. Ana Isabel Barreiro Rego (rex de entrada nº 13134 de data 24 de maio de 2024) do seguinte tenor literal:

“Dª. Ana Isabel Barreiro Rego, concelleira do Grupo Municipal Popular de Ribeira, con DNI 52459627-P, presenta segundo o artigo do regulamento do Concello de Ribeira, presentao pleno ordinario da Corporación Municipal do día 27 de maio de 2024, o seguinte ROGO.

A limpeza e os desbroces son unha demanda constante solicitada polos veciños e veciñas de Ribeira. Neste caso imos a falar da limpeza do Río Listres e Río Paxariños na parroquia de Aguiño, o cal era unha constante reclamación da oposición nas anteriores lexislaturas cando gobernaba o Partido Popular pero que se esfumou ao chegar o BNG á alcaldía, deixou de ser unha prioridade.

Polo exposto o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte ROGO:

“Demandar do Goberno Tripartito de Ribeira a limpeza e desbroce do devandito Río nos tramos denominados urbanos, competencia exclusiva do Concello, e xestione as autorizacións pertinentes a augas de Galicia para levar a cabo a limpeza total do Río Listres, asemande nos tramos non urbanos, ou no seu caso a declaración responsable, para poder levar a cabo a limpeza”.





O Sr. Mariño de Bricio, concelleiro delegado delegado de Servizos Sociais e Mercados Municipais(GM do PBBI) resosta nos termos seguintes:

Sra. Barreiro, vamos por partes. Por una parte agradecer su preocupación por la parroquia de Aguiño, pero también le recuerdo que vd, hasta hace unos meses era miembro del gobierno municipal. Primero, le informo que este gobierno está haciendo todos los trámites para que Aguas de Galicia cumpla con su labor de limpieza, por lo menos en lo que le corresponde; y segundo, este gobierno ha pedido autorización también a Aguas de Galicia para que, en el caso de demora, desde el Concello se proceda a efectuar la limpieza de este río. De todas formas, Sra. Barreiro, en este momento tenemos todo preparado para que en el momento que el caudal del río lo permita se proceda a la limpieza desde Braña do Muro hasta donde se pueda; pero mire vd, me causa sorpresa y a la vez me encanta su pregunta porque vd ha estado 4 años en el gobierno de Ribeira y ¿sabe cuál ha sido la última vez que se ha procedido a limpiar dicho río?. Le voy a responder, desde que un servidor, alejado del gobierno del Sr. Ruiz hace 8 años y 11 meses, no se ha vuelta a limpiar, es más, conmigo en el gobierno municipal, se limpiaba todos y cada uno de los años de esos 4 años que he ejercido y he formado parte de ese gobierno. Hemos tenido que crear un nuevo partido para que las cosas del destino, volvamos a limpiar el dicho río. ¿Cuántas veces vd. Sra. Barreiro, en el



gobierno se ha realizado la limpieza de este río?, o reformulo el interrogante, ¿cuántas veces vd. en el gobierno ha cumplido con el ruego que ahora, meses después, nos traslada a nosotros?. Y le recuerdo que también en dicho río, el PBB1 había hecho un ruego, también por la tala de un árbol, vd., seguramente sitúa en ese río, que supone un verdadero peligro para las viviendas y ni caso han hecho.

10.2. Polo **Grupo Municipal do PP** dase conta das seguintes **PREGUNTAS** presentadas previamente por escrito en tempo e forma:

-Pregunta presentada por **D. Rubén Lijó Santos** (rex de entrada nº 13182 de data 24 de maio de 2024) do seguinte tenor literal:

“Rubén Lijó Santos, con DNI 52936466-B, en calidade de concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Ribeira, presenta a seguinte pregunta ó pleno ordinario da Corporación de Ribeira.

EXP O Ñ O:

O pasado mes de Febreiro informouse ó Sr. Alcalde de que a colisión dun ciclista cunha valla de obra situada no carril bici de Coroso, provocara lesións ó ciclista no ombreiro, a baixa iluminación na zona foi unha das causas, xa que a mencionada valla se atopa nunha zona de sombra provocada por un muro que tapa os efectos do alumeado nocturno do paseo.

Ante a inacción deste grupo de goberno, que case 4 meses despois non foi capaz de poñer solución a este problema, e con motivo de mellorar a seguridade cidadá, traemos a seguinte pregunta ó pleno ordinario.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presentamos a seguinte pregunta:

Por qué non se quitou a valla de obra que obstaculiza o carril bici se a obra está rematada, e no caso de que non fose así, por qué non se fixeron melloras na sinalización?





O Sr. Pérez Barral, alcalde-presidente (GM do BNG) resposta nos termos seguintes:

Ben, pois, efectivamente, vostede comunicame eso o día 5 de febreiro, e o propio día comunicollo tamén a Enxeñeira municipal, e dí que ese valado non pode ser retirado por seguridade precisamente, é decir, ahí nese punto concreto do carril bici, non pode haber ningún tipo de peso, básicamente polo que falaban antes tamén os meus compañeiros de goberno, nos que se facía fincapé en que hai uns materiais, uns acopios nun aparcadoiro situado no Caramcheiro para poder facer ese recheo do propio paseo marítimo. O paseo marítimo nese punto está oco e, polo tanto, se quitamos o valado pode ser aínda mais perigoso; unha persoa que transite polo carril bici, ese valado pode velo medianamente ben; esa semana que vostede me comunica, esa cuestión, sinalízase, evidentemente si hai algunha persoa que retira esa protección, pois, o concello ten que poñela novamente, pero, en todo caso como vostede ben dixo, hoxe está perfectamente sinalado, vese perfectamente ese valado, e si está ahí é precisamente por seguridade, para que ningunha persoa do noso concello poida precipitarse por un oco que ten ese paseo e que evidentemente temos que solventar a maior brevidade posible, pero tamén, non todo se fai dun día para outro e temos constancia da súa pregunta.

-Pregunta presentada por **Dna. Carmen Pérez Gómez** (rex de entrada nº 13229 de data 24 de maio de 2024) do seguinte tenor literal:

“Dª, Carmen Pérez Gómez, concelleira do Grupo Municipal Popular de Ribeira, con DNI 53485586-Y, presenta a seguinte pregunta en pleno con motivo do pleno ordinario da Corporación Municipal de Ribeira.

A zona do Rueiro de Abaixo na Parroquia de Olveira e un núcleo de vivendas situado no lugar de Bretal, na que os seus conveciños están a pasar certas dificultades para vivir e transitar de forma segura e salubre. Levan semanas achegádonos as súas preocupacións e necesidades na procura de unha resposta, polo que dende o grupo Municipal do Partido Popular queremos trasladar o Goberno estes problemas.



En primeiro lugar, para acceder a este núcleo de viviendas as carreteras son na sua maioría carreteras nas que colle a duras penas un vehículo, carecendo de marxes ou aceras. Ata fai unhas semanas nin sequera podía pasar un coche sen ir rozando en moitas zonas coa maleza que se apodera da vía. Ante esta situación estes veciños vironse na obriga de pedir favor a outros veciños para que acudiran a zona a pasar cos seus tractores e atallar de algunha forma o avance da maleza. Consequindo, de xeito provisional e mentres a maleza non volva medrar en uns días, que os coches poidan acceder sen sufrir danos, pero mantendo de igual forma a imposibilidade de que os viandantes paseen pola zona sen ter que invadir fincas ou cunetas molladas cando se atopan un vehículo.

Somos conscientes de que a época na que estamos favorece o crecemento da vexetación, de que o Concello ten moitos metros de zonas de desbroce, de que os traballadores entán a traballar arreo, pero gustaríanos trasladar estas necesidades, xa que todas as parroquias son distintas polo que as súas necesidades tamen o son. Olveira conta con moita zona de vexetación


, e algunhas zonas están máis perxudicadas ca outras, polo que do mesmo xeito que algunhas parroquias teñen falta puntual de retirada de areas, de árbores , de arranxos en zonas urbans, etc. outras parroquias necesitan que se leven a cabo medidas de limpeza e acondicionamento por seguridade, e con métodos máis efectivos que preparen as zonas para evitar que os desbroces se precisen con tanta frecuencia, como pode ser o despexe de terra en aceras, ou a apertura e limpeza de cunetas, que favorecen notablemente o crecemento de maleza.

En segundo lugar, os mesmos veciños nos indican que xa denunciaron o mal estado dos contedores de lixo da zona, ambos con roturas que fan que se precipiten restos líquidos, e un deles mesmo sen tapa; O que está a provocar que os veciños non poidan achegarse e mesmo pasar por alí cerca resulte realmente incómodo, sen entrar xa no tema da insalubridade que se esta producindo pola filtración de restos o chan o que provoca a atracción de animais os arredores dos mesmos.

Ante estas inxedanzas queremos trasladar as seguintes preguntas:

¿ Entra nos plans do Goberno realizar un estudo das zonas máis afectadas das parroquias para levar a cabo un acondicionamento efectivo en tempo e forma, realizando os traballos que se precisen en zonas donde afecta visiblemente ao benestar veciñal, e en particular na parroquia de Olveira?

¿Considera o Goberno Municipal a ben, reemplazar os contedores afectados e valorar a instalación de contedores de reciclaxe na zona?





FIRMANTE - FECHA





A Sra. Redondo Fernández, concelleira delegada de Medio Rural e Servizos Municipais (GM do PBBI) resposta nos termos seguintes:

Bueno, Sr. Alcalde, eu antes de nada quería, é que antes non quixen interrumpir, porque claro hai que ser educado; ¿Sr. Vidal, vostede díxome que un coche municipal?, pero, ¿era un coche municipal?, cando termine o pleno tamén me gustaría velo porque me parece moi fuerte que acuse aos empregados deste concello dunha cousa que... En canto a Sra. Pérez, eu entendo a súa preocupación, xa veño reivindicando



FIRMANTE - FECHA



en varios plenos, antes foi o Sr. Reiriz, que trouxo tamén de Artes, da parroquia de Artes, que comenzaron esta semana, eu entendo a sua inquietude pola falta de recursos que temos neste concello para levar a cabo as limpezas, sinceramente, creo que como concejala e responsable do servico, sinto moitísimo que teñamos tantas limitacións e esta situación tan precaria, pero claro, tendes que darvos de conta que a situación que herdamos do anterior goberno economicamente, polo menos, no que a min me corresponde, non foi a mais boa do mundo, pero bueno aínda así intentamos favorecer todas as necesidades dos nosos contribuíntes. En canto á reposición do contenedor, o servico sabe que está concedido a unha empresa, a unha subcontrata Urbaser, e están esperando os recambios de contenedores, si non me equivoco, chegaronlle o mércores pasado, tanto de pezas como de containers, polo tanto, supoño que será na maior brevedade posible será repostado. Sigo decindo, que dendeo o Concello, darlle grazias primeiro ao servico que a min me corresponde, que é o de desbroces, que estou moi orgullosa deles xa que sin o seu labor incansable, porque vos podó asegurar que outra cousa non fan, pero traballan continuamente para poder ter Ribeira mais limpa; e estamos avaliando novas áreas de reciclaxe na parroquia de, bueno, en todas as parroquias para poder solventar eses problemas e que tódolos contribuíntes de Ribeira podan reciclar tamén.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás **21 horas e 30 minutos** do día da data do que eu, como secretario dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Asdo. Luís Antonio Pérez Barral

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

